

COLONIA DE VACACIÓNS DE VERÁN

Contidos da Actividade:

As actividades que se levarán a cabo estarán adaptadas ao grupo de idade e terán contidos educativos transversais que teñan presente a educación en valores como: educación para a paz e a non violencia, tolerancia e a solidariedade, a identidade e a diversidade, igualdade de xénero e social, educación para a saúde, coidado medioambiental e consumo sostible.

Obxeto:

Este programa concíbese como un espazo educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ademais de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

Datas de Celebración:

O servizo desenvolverase en verán, do 27 de xuño ata o 2 de setembro, de luns a venres, en 5 quendas:

- Do 27 de xuño ao 8 de xullo
- Do 11 ao 22 de xullo
- Do 26 de xullo ao 5 de agosto
- Do 8 ao 19 de agosto
- Do 22 de agosto ao 2 de setembro

Lugar de Celebración:

As actividades terán lugar en instalacións do CEIP A Gándara. Se por algunha circunstancia non fose posible realizar o programa neste centro, ofrecerase un CEIP alternativo próximo.

Horario da Actividade:

- Actividade: de 9:00 a 14:00 horas.
- Servizo de madrugadores/as de 8:00 a 9:00 horas.
- Servizo de acompañamento ata a recollida ao mediodía de 14:00 a 15:00 horas.

Número de prazas:

100 prazas, das que 10 reservaranse para nenos e nenas con informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Narón e terán carácter de acceso directo ao programa.

Persoas Destinatarias:

Nenos e nenas entre 3 e 12 anos empadroados/as e/ou escolarizados/as no Concello de Narón cando traballen os dous membros parentais: pai, nai, custodio/a, ou titor/a, etc.

Bastará que reúnan este requisito de traballo o/a solicitante que sexa familia monoparental ou que teña atribuída a garda e custodia do/a menor por resolución xudicial.

O incumprimento destes requisitos dará lugar á inadmisión da solicitude.

A renuncia á praza que teña adxudicada deberá realizarse por escrito no Rexistro Xeral do Concello de Narón.

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- o Facer constar a súa condición no impreso de solicitude.
- o Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.
- o Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van a desenvolver.

Taxa:

De balde.

Prazo e Lugar de Solicitude:

O prazo de presentación de solicitudes será do día 24 de maio ás 8:30 horas, ata o día 31 de maio ás 13:30 horas. As solicitudes poderán presentarse a través da sede electrónica, no rexistro municipal, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos nos artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Narón.

Cando a solicitude se envíe mediante calquera outro medio, deberá comunicarse ao Servizo Sociocomunitario, dentro do día seguinte a rematar o prazo de solicitude, mediante o envío dun correo electrónico, ao enderezo: sociocomunitario@naron.es, axuntando a solicitude debidamente selada, coa xustificación da data e hora da imposición do envío na oficina de correos ou no organismo de presentación.

Unidade Tramitadora:

Servizo Sociocomunitario. Praza de Galicia S/N 15570 Narón 981 337700 Ext: 1108 / 1109 / 1115

Forma de Selección:

A adxudicación das prazas realizarase por sorteo, do seguinte xeito:

- Cubriranse as 100 prazas
- Co obxectivo de favorecer a conciliación familiar, cando durante o sorteo unha ou un menor obteña praza, de ter irmás ou irmáns solicitantes, se lles adxudicarán as seguintes prazas de quedar dispoñibles en ese momento.
- Adxudicadas as 100 prazas continuarás o sorteo co resto de solicitantes para confeccionar unha lista

de agarda.

Na páxina web do Concello publicarase o seguinte:

- O anuncio do lugar, o día e a hora de realización do sorteo público
 - O resultado do sorteo coa lista de menores con praza adxudicada e a lista de agarda
- Non se permite a cesión da praza adxudicada a terceiras persoas.

Observacións:

O Concello reservase a posibilidade de anular esta actividade no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Documentación a presentar coa solicitude:

- Anexo I: Cuestionario de saúde e autonomía persoal, ou informe médico.
- Anexo II: Declaracións e autorizacións
- Anexo III: Elección de quenda solicitada
- DNI do solicitante
- DNI da persoa que vai participar na actividade ou libro de familia
- Tarxeta sanitaria da persoa participante
- As persoas participantes que non estean empadroadas deberán acreditar a escolarización (certificado do centro, matrícula escolar ou boletín de notas)
- Xustificante de traballo do pai e da nai, con algún dos seguintes documentos:
 - Informe de vida laboral
 - Certificado de empresa actualizados.
 - Última nómina ou contrato en vigor.
 - Último recibo do RETA da Seguridade Social.

Se se trata de familias monoparentais/monomarentais (deberán acreditarlo), só do pai ou a nai, segundo o caso.

- No caso de situación de ERTE deberá acreditarse a reanudación da actividade laboral da empresa no período da quenda solicitada.